

Cordeiros coa súa "tarazana" traballando en Castela.

ROMÁN VILELA CASTRO

1974

Estudiante de Economía. Membro do grupo CASTRO FLOXO e do seu equipo de investigación.



Un Trabajo ambulante: O cordeiro

Román Vilela Castro


Debuxos: **Luis Cid**

A provincia de Ourense foi sempre unha provincia de economía baseada na agricultura. A cantidade de xente adicada a tarefa agrícola dentro dunha mesma familia, a baixa produtividade da terra, o reducido tamaño desta... levou a unha grande cantidade de labregos ourensanos a aprender un oficio que lles permitira obter uns ingresos adicionais sobre os xa obtidos no traballo da terra. Este traballo non era desenvolvido, na maioría dos casos, de forma permanente, senón que se adicaban a el de forma estacional, xeralmente aproveitando paróns na laboura agrícola. Dentro destes traballos ocupan praza especial, pola cantidade de homes que se adicaron a eles, os oficios ambulantes, que

non se desenrolaban na mesma casa ou taller, senón que eran desenrolados polos camiños, feiras, casas de campo e povos nos que se demandaba este tipo de traballos. A estes ambulantes pertencían afiadores, peneireiros, albardeiros, quincalleiros, cordeiros, etc..., traballos todos relacionados coa agricultura e a gandería, xa que ofrecían a fabricación ou arranxo de ferramentas e accesorios imprescindibles para desenrolar calquera laboura do campo. A afiada de coitelas, a fabricación de cordas, peneiras, albardas, cestos... eran traballos que non en todos os povos se podían realizar e sen os cuais non se podería desenrolar a laboura do campo.

D. Claudio Garcia vive en Lampazas,

no concello ourensano de Esgos, e durante nove anos da súa vida adicou-se á fabricación de cordas de forma ambulante. A zona na que vive, e vivía cando desenrolaba a profesión de cordeiro, foi unha zona na que abundaban este tipo de oficios ambulantes, coma el mesmo nos comentaba durante a charla que con el mantivemos: "Por aquí había moitos cordeiros, pero xa foron decaído, en A Granxa había un número grande deles. Tamén había moitos albardeiros, peneireiros, quincalleiros... tras a montaña e por Gomariz..."; e el mesmo nos explicaba o porque: "... Aquí todo o mundo se adicaba a esto porque non había onde gañar. Da terra aínda non comemos hoxe co que da, menos daquela, que había máis xente."



Tarazana

Ao problema do minifundismo uníase-lle o da superpovoación familiar. A insuficiencia da terra para producir o mínimo necesario para subsistir, facía necesario a saída dalgún membro da familia a gañar uns cartos

por outro lado, a ambulancia permitía esa saída, sen perder o traballo que esa persoa podía realizar na terra.

As experiencias de D. Claudio como cordeiro non teñen porque ser o reflexo perfecto do que foi a vida do resto dos cordeiros, porque nesas experiencias non só inflúe esa condición de cordeiro, senón que, fundamentalmente, inciden os rasgos de D. Claudio coma persoa. Nembargantes, moitas serán as similitudes entre a vida deste home e a de moitos outros ambulantes. Non pretendemos, pois, reflectir neste artigo, á totalidade dos cordeiros, simplemente, queremos amosar a visión persoal dun deses cordeiros sobre a súa profesión.

Os comezos

“... Cando tiña dez anos marchei ás cordas, pero só a dar-lle á manivela da máquina (tarazana) -o instrumento fundamental dun cordeiro-, fun só durante dous anos... tamén fun ás segas, fun dous anos, cando era un rapaz. O primeiro ano tiveron que me volver, eran os anos da fame e non tiñamos que comer, así que volve-mos. O segundo botamos a campaña enteira, pero botei contas, o que gañaba e o que gastaba, quedei sen nada, foi unha mala experiencia... Despois, con dezaioito anos fun afiar, fixen dúas voladas e non quixen volver, o traballo de cordeiro era mellor pagado, de afiador gañaba para comer e pouco mais me quedaba”. Cando volveu de novo ás cordas contaba xa trinta anos. “...cando empecei a facer cordas xa non era novo, aprendín do meu cuñado, el

aprendeu de casualidade, polo mundo adiante. Desta volta, a primeira vez que fun xa fixen unha corda, non se podía comparar coas do meu cuñado, pero fixen-a. O traballo que facía un novo era o mesmo que o de un experto, pero moito máis lento e de peor calidade, claro. O que máis corría tiña-se que adaptarse ao que corría menos, porque senón non aguanta a torcedura na mao...”. “...de Lampazas saíamos eu, o meu cuñado e mais un primo. Andábamos polos povos facendo cordas, e polas casas de campo de Ciudad Real, de Toledo, de Cáceres e Córdoba. Levábamos outros tres de fora, por conta de todos...”. Era habitual, entre estes homes aprender a profesión de xente da familia ou achegada a esta, en moitos casos, que non no de D. Claudio, o oficio era hereditario, transmitido de pais a fillos e netos. Non era, a de cordeiro, unha profesión de sinxela aprendizaxe, e o feito de que o noso cordeiro aprendera rápido non nos pode levar a pensar doutra forma, o proceso de aprendizaxe do oficio era longo, abarcaba varios anos, e empezaba sendo o aprendiz todavía novo. Os dous anos que D. Claudio pasou “...dando-lle á manivela...” forman xa parte dese proceso, se cabe por isto cando, sendo xa maduro, volveu ás cordas empezou directamente a traballar na confección destas.

Os materiais

“O material que máis usábase era a “pita”, esta planta recollían-a en ovelos que colocaban nas segadoras, ao fio da pita chamában-lle antes “hilo sisal”. Dában-nos a pita

xa cortada en fíos de un metro, mais ou menos, nós igualábase os fíos e despois mollábase-la e sacudíbase-la para que se enfiñase nas puntas. Despois íamos fiando empatando os fíos todos, un rapaz dando-lle á máquina e os outros fiando, íamos metendo os fíos e facíamos de longo como nos pediran, por exemplo para facer un ramal, que eran as cordas para atar as mulas, de 5 varas –o señor Claudio media os seus traballos en varas, aproximadamente 80 cm, porque lle coincidía cun paso–, facíamos fíos de 25 ou 30 varas. Se eran 25 chamábase-lle traballo de gaita, se era de 30, gaitado, este era moito mellor, as cordas duraban toda a vida, pero a nós non nos conviña moito porque acabábase antes o outro. Cada ramal ten catro pernas, e esas pernas poden-se facer con dous, tres ou catro fíos, cantos mais fíos mellor é a corda. Cando leva dous fíos cada perna chamábase-lle oitado, cando leva tres, doceado, e cando leva catro, dazaseisado. Tiñamos casas que nos encargaban as cordas, pero a maioría delas, facíase-las para os donos da pita. A pita suministrábase-las os segadores, dos desperdicios das máquinas de segar, aproveitábase-na toda. Tamén se podían facer de liño, eran

moi boas, pero daquelas o liño empregábase máis para facer roupa. A serda tamén era moi bo material, a crin e a cola dos animais...”. D. Claudio fala-nos, principalmente, da pita, material que en Galiza non abundaba, no noso país é posíbel que os materiais máis empregados fosen outros, que ben podían ser estes últimos que nomeaba, a serda, o liño...


As ferramentas

“...As ferramentas que usábase eran unha máquina que é coma unha estaca de ferro, que cravábase no suelo, e que na parte de arriba ten coma uns angranes e catro ganchos, e unha manivela, que ao dar-lle, fai xirar os ganchos e o fio vai-se enredando neles. Tamén compra unha cousa que lle chamamos nós carro ou chian que é para ir xuntando os fíos da corda, leva un ferro e un gancho onde se atan os fíos cos que se vai facer a corda, leva unha manivela que fai que ese gancho xire, este aparello podía-se non utilizar se o que se estaba a facer eran

cordeis finos, pero para facer as cordas era tan necesario coma a tarazona. A máquina se a facía un ferreiro tiña que ser un ferreiro bo, porque leva unha engranaxe por dentro, e para face-la compría unha persoa con idea, a nós fíxose-la un mecánico alá. Empregábase, tamén un cacho de madeira con catro canais, un para cada un das catro pernas ou fíos da corda, e servía para que a corda fose quedando apretada a medida que se ía facendo. E non nos comprían máis ferramentas, levábase unhas bicicletas para desprazar-nos. As redes facíase-las coa mao, como a malla era grande saían todas iguais así feitas coa mao...”

O proceso de fabricación

“...Unha vez recibida a pita e feitos os fíos dela, collíase un destes fíos e atábase os dous extremos aos



Máquina empregada para facer as cordas, en disposición de traballo.

ganchos da tarazana, cortábamola pola dobrez e volvia-se dobrar outro e atar nos ganchos, de forma que cada ramal levaba catro fios. Estes fios estaban enganchados entre eles polo outro extremo de forma que non se podían separar, ese extremo enganchábamolo ao chián, e empezábamola a torcer, dando-lle ao ferro do chián e a vez á manivela da tarazana, o cepo xa está posto no extremo do chián e vai apretando a corda a medida que se torce. Para separar, ao final, a corda da tarazana, dáse-lle média volta á manivela para atrás e ata-se a corda cun fio para que non se desfaga”.



Cepo

As voladas

“...Temos saído por periodos de seis meses, outros de tres, dependía, saíamos cando coincidía, aínda que o mellor momento para facer as cordas era o bo tempo, porque se está húmido o traballo queda chosco, porque a pita pon-se moi dura coa humidade, é mellor face-lo en seco. Normalmente facíamolo despois da sega, cando a pita está seca, no vrao... Por Galiza non saíamos porque había pouco material...”


“Cando marchábamola, non sempre quedaba o traballo de aquí feito,

moitas veces quedaba a malla todavía por facer, víñamos saindo por Agosto ou por aí, a sega, normalmente, deixábamola feita, pero sempre quedaba algún traballo por facer. Íamos atrampando como podíamos...”

“Cando marchábamola de aquí nós íamos sos, porque íamos en tren, pero de A Granxa ían andando e saían todos xuntos polas Portiñas, e de paso xa ían traballando. Ían polos Milagros, Vilar de Bárrio, Alberguería, Laza, A Gudiña... e tamén por Manzaneda. Estes de A Granxa traballaban polo pé de Galiza, dificilmente pasaban de Zamora. Nós traballábamola nas grandes fincas de máis ao sul, Cabañeros..., traballámola ao conde de Romanones, ao conde de Florida Blanca, ao duque de Santoña... Así botábamola a temporada...”


“Se traballábamola en povos, durmíamola nas pousadas, e se estábamola en casas de campo durmíamola alí mesmo. Moitas veces durmíamola no campo ou no chao, para eso levábamola unha saca que enchíamola de palla, así durmíamola quentes e en brando, a palla quitaba moi ben o frío...”

“Cando estábamola alí, mezclábamola nos coa xente, íamos ás festas, ás feiras.... Coñezo cordeiros que casaron e quedaron a vivir alí. Tamén íamos aos touros, a min a festa gustábame, pero non que mataran ao touro, porque o touro é un animal moi nobre, eu andiven entre eles polas fincas e non se botan á xente, fan eles que se boten porque os atentan.”



Chián.

“Con nós sempre levábamola rapaces da zona para axudar-nos, aínda que algunha vez os collíamola daquela zona na que estívéramola traballando. Unha vez tivéramola un un pouco raro, non lle gustaba traballar, un día lle dixen que se aprendía facer redes, que era o mais sinxelo, pagába-lle por cada unha, e respondeume que si, que quería aprender, pero pola noite sentín-o falar en soños, e decía: –que as faga el, que carallo, que as faga el..., era moi raro, comezaba a lle dar a manivela a toda velocidade, eu lle decía que lle dera despácio, e entón daba-lle despacísimo, e lle decía eu, a ver se lle poideras dar un pouco arraxado entre o mais rápido e o mais lento, e el decía-me que que era o que quería, que me aclara-se. Pero so foi este rapaz os demais eran de moita axuda...”



Tarazana

"Nós cando saíamos por aí, só facíamos cordas, non aproveitábamos para desenrolar outros oficios, porque sempre fínamos casa onde traballar, os clientes eran habituais, chegábamos un ano e sempre íamos ás mesmas casas e sempre nos daban traballo..."

"Cando voltábamos, deixábamos alá as máquinas, nalgunha pousada ou nas casas de campo, ao ano seguinte íamos por alí e as recuperábamos... Con moita xente de alí nós comunicábamos con cartas..."

O barallete

O barallete é a xerxa empregada polos ambulantes ourensáns. A finalidade principal do barallete é a de permitir aos ambulantes conversar entre eles sen seren entendidos pola xente estrana, ben á hora de arranxar o negocio, ben ao falar entre eles en

calquera outra situación. "...porque por alá abaixo o galego aínda o entenden algo, pero o barallete alguén que non estexa afeito a escoita-lo non o entende... A única vez que non queríamos ser entendidos e levamos unha sorpresa foi en Canárias, íamos nun barco de pe e ao lado ía un cura sentado, e me di o meu amigo, -Claudio zoupa ao caxiga fora e talaseate tu no sítio del (-Claudio, bota ao cura e senta ti no

seu sítio), e o cura contestou-nos en barallete, -non zoupa, non, que os zulos do caxiga tamén aporran como os do garito (non bota, non, que os cartos do cura tamén valen). O cura este era de Castro Caldelas e fillo de afiador, nunca outra vez nos entenderan fora mentres falábamos en barallete." Esta anecdotia, así como o trato coa muller de D. Claudio, que entendía perfectamente o barallete, demostra que os ambulantes non só empregaban o barallete diante da xente allea ao seu entorno, senón

resistentes. Estes ambulantes disfrutaban xa, nas súas casas, dun merecido descanso, gañado despois de moitos anos de camiños, ao lado da familia que tantas veces os viu partir. Aí están D. Claudio e centos deles máis formando parte, xa, da historia da nosa provincia.



No centro, o Sr. Claudio de neno na súa primeira "volada".

que o empregaban a maior parte das veces que falaban entre eles, era a forma de crear o seu propio e exclusivo mundo de ambulantes, de remarcar as diferencias entre o seu grupo e a xente estrana.

Hoxe é imposible atopar cordeiros que continuen exercendo a profesión. As antigas cordas, feitas a mao, non poden competir coas novas cordas industriais, máis baratas e